

Ola rapaces/zas de novo! Agardo que vos atopedes tod@s moi ben. Antes de nada, darvos as grazas por esa contestación musical. Aínda que non saíades tod@s no vídeo, sei da intención da participación pola vosa parte. QUÉROTE MÁIS!

Aquí déixovos a proposta de actividades musicais para esta semana, pero non vos esquezades que o máis importante é intentar pasar esta situación de confinamento o mellor posible, que sintades que estamos con vós aínda dende a distancia e que estades sendo uns súper campións. Moita forza e ánimo para afrontar o que queda, que xa é menos.

1ª_ Para comenzar, imos mover o corpiño. Realiza unha sinxela coreografía, acompañándoa rítmicamente con percusión corporal, mentres escoitamos esta melodía clásica: ***Contradanza n°5 de Beethoven.***

Déixoche o seguinte enlace como exemplo: <https://youtu.be/Hooeo1DXX3An>

2ª_ Seguimos con ritmo e expresión corporal. Precisamos para a seguinte actividade unha parella ou practícao percutindo coa parede. Esta actividade, ***Manzana***, consiste en memorizar un recitado rítmico, en primeiro lugar con xestos, para despois acompañalo con percusión corporal e coordinación.

Enlace para demostración: <https://youtu.be/9fn1Rzpj14>

3ª_ Agora, sentados, continuamos con esta canción instrumental. Intenta marcar o ritmo repetindo a serie de folios de cores. Concéntrate e disfruta: <https://youtu.be/a0nxpiQyBQ8>

4ª_ Abre ben os oídos porque imos facer agora unha audición activa: ***La primavera de Vivaldi.***

Imos realizala en tres fases: na primeira escoita, pincha no enlace para obter a música pero **NON vexas o vídeo** <https://youtu.be/14Ad6pZ8vEQ> . Disfruta, cos ollos pechados por momentos, desta melodía clásica. Durante a audición intenta debuxar nun papel o que che suxire a música. Deixa voar a túa imaxinación e emocións. Unha vez finalizada, pon unha segunda vez o vídeo e, agora sí, comproba se o que ves no vídeo e o que debuxaches no teu papel ten algunha relación.

Por último, pincha neste enlace <https://youtu.be/ZA-8p3s84Zs> e segue as indicacións do director e do musicograma levando o pulso coas túas palmas.

5ª_ Continuamos con repaso da práctica instrumental. Lembra a colocación dos dedos na frauta, a duración das figuras e a colocación das notas no pentagrama. Para todo isto déixovos os seguintes enlaces de repaso do mencionado:

<https://youtu.be/HvFYzNwtNE4> (notas no pentagrama e na frauta)

<https://youtu.be/qUXtXw3Dn7Q> (explicación posición dedos na frauta)

<https://youtu.be/aWAEaBDSjOs> (explicación da duración da negra, branca e redonda)

<https://youtu.be/7ek0pwZyCMA> (explicación da duración da corchea)

Pezas musicais que podedes tocar e interpretar coa frauta:

California <https://youtu.be/MhRcl-Xjeyk>

Ballade <https://youtu.be/Ec019U020M>

Aventura <https://youtu.be/XYA01sZh0M8>

Cinco cancións https://youtu.be/FBhB_2EDQas (toca as notas que aprendimos)

Se non che saen, non pasa nada, intenta ir pouco a pouco, tocar só as notas ou a parte que non teñas problema e sobre todo, pasalo ben coa música.

6ª_ Para rematar, déixovos unha canción para que a bailedes, cantedes, acompañedes pero sobre todo, para que a disfrutedes: Don't Worry, Be Happy!! https://youtu.be/7hGtKE3mG_g

TODO SAIRÁ BEN. BICAZOS A TOD@S.

Rebeca

NOTA: A maneira de levar a cabo esta proposta de actividades é a de realizar unha ou dúas, como moito, por día. Por suposto, podedes repetilas, afianzalas, ir progresivamente realizándoas seguidas ou alternas pero repito, sobre todo, **DISFRUTANDO DA E COA MÚSICA!**